



GUIÓN DA INFORMACIÓN DE USOS TRADICIONAIS DAS PLANTAS MEDICINAIS. NATUREZA E EMIGRACIÓN (INMIGRACIÓN) ENTRE ARXENTINA E GALICIA.

Nome da planta: Sería interesante poñer se se coñece por máis dun nome tradicional ou se teñen un nome determinado segundo a época de crecemento. Se o coñecese tamén incluír o seu nome científico.

Se se usa unha parte determinada e esta ten un nome específico pódese poñer este no seguinte apartado e especificar se que parte é.

Parte utilizada: *Por exemplo: Os froitos as follas, as raíces... se se usan varias parte para usos distintos sería mellor facer unha ficha por planta.*

Uso ou utilización: Para que se pode usar. cada un destes uso da planta se chama "etnuso" (que fai referencia a uso tradicional ou uso etnográfico).

Preparación: Especificar se se trata de infusión, de cocción, e toma directamente etc..

Proceso ao que se somete para a súa administración. Se é necesario facer algún tipo de preparación previa antes de usarse: as indicacións que se coñecen que son necesarias para aproveitar ben o seu uso ou a descrición de como se elabora (de forma similar á receita para elaborar un prato de cociña).

Se fose un preparado composto por varias plantas dise que outras plantas o compoñen ou como se elabora todo o proceso. (Nestes casos sería interesante facer unha ficha por planta, así as persoas que o consultaran poden acceder á información partindo dos nomes do ás plantas que teñan dispoñibles).

Vía de administración: Modo no que se administra a planta ou o preparado obtido.

Tamén se pode especificar se existe un momento adecuado para collela se ten que esperarse unha vez elaborado para o uso ou se se pode conservar para posteriores usos. Se existe unha época do ano para favorable para uso e cultivo da planta e se se pode usar para previr, etc...

Oral, tópica, rectal, vaxinal, ocular...

Eficacia: Pódese indicar se é moi eficaz ou se é só nalgúns casos, se hai que utilizala varias veces para obter resultados...

Toxicidade: Dose recomendada, se por exemplo non fose bo usalo moitas veces seguidas ou non a usar en nenos ou en certos animais ou se hai que usala en cantidades pequenas... *Exemplo: no caso do eucalipto.*





DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

Aplicación: medicinal en humana (tamén que pon se é ou non é bo para os nenos), veterinaria ou tóxica (Isto último sería no caso de usar nos cultivos ou para evitar unha praga na casa, ou como produto de limpeza...).

E o máis interesante:

De que zona ou lugar é a persoa que ten transmitido esta información e se esta era de uso común para ela (neste apartado pódese indicar toda a información que se desexe que quede constancia mesmo anécdotas ou historias que se recorden, se esa persoa lle comunico mais uso...) e se o desexa tamén pode indicar o seu nome.... e se era un familiar (por exemplo a súa avoa). Ademais se coñece como obtiña a planta: se a cultivaba no seu horto se a obtiña nos bordos de camiños, preto do río nos montes... e se coñece en nome do lugar ou o topónimo.

Toda esta información pódese acompañar de imaxes, debuxos, dunha mostra da planta posta a secar baixo un peso ou prensa e protexida entre pregos de papel (herbario) ou se se desexa dun gravación, tanto da planta coma do proceso ou das persoas durante a elaboración ou explicación do proceso.

Tamén pode indicar se segue usando esa receita ou cultivando a planta: Por exemplo: a miña avoa cultivaba a planta e usábaa para remedios medicinais pero non recordó para qué usábaa e eu sigo cultivándoa.

Outro xeito de obter a información é observado como a usan outras culturas: A menta víallas recoller aos marroquís que estaban na zona de Villaba durante a guerra para usalo na elaboración do te ou, os fentos tenros véxollelos recoller os chineses que viven no meu barrio que os coces para ensalada...

Que achega esta actividade:

Recompilar datos relativos a plantas medicinais: para que non se perdan todos eses coñecementos que pasaran de pais a fillos durante xeracións e que agora en desuso se vían condenados ao esquecemento e vincúlalos a un lugar como parte do seu patrimonio.

Usos tradicionais das plantas para uso medicinal: Para que estes poidan ser recoñecidos. Para iso ten que existir polo menos catro citas escritas da súa utilización (uso empírico que se fai dunha planta nunha nunha zona de estudo) e que estes poidan ser considerados como tal.

E como consecuencia: a biodiversidade.

Dirección de envío de receitas de usos tradicionais:

Pazo de Tor.

San Xoán de Tor. 27591 Monforte de Lemos (Lugo). España



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO